

Teresa Colomer

«A formación literaria dos mestres é moi insuficiente»

No pasado mes de setembro desenvolveuse en Compostela, co lema "A voz das minorías", o 32 Congreso do International Board on Books for Young People, organización que integra asociacións representativas da literatura infantil de todo o mundo. Teresa Colomer foi unha das relatoras principais, e na súa conferencia ofreceu unha maxistral revisión dos principais debates en que reparan as investigacións sobre literatura infantil dos últimos anos. Algún deles foron afrontados no diálogo que mantivemos con ela, aproveitando a súa presenza en Galicia. // Miguel Vázquez Freire // Foto: Mario Llorca

En la formación del lector literario analizaches a condición particular da literatura infantil entre medias do literario e do educativo. Mais, na conferencia, advertías verbo da necesaria independencia con respecto da "madrastra pedagóxica"...

O meu interese sempre foi o corpus de LIX en relación á educación literaria na escola. A partir da democracia, nos anos 80, en España houbo unha renovación de modelos, de valores, algo común a todas as sociedades occidentais pero que aquí aterra con dez anos de atraso. Na primeira parte do libro, intereseime pola existencia de estudos desenvolvidos na área anglosaxoa ou francesa, e vin que era unha situación de estudos que medran un pouco como setas, cada un no seu lugar. Con respecto á educación, tamén tiña a posibilidade de conectar con outras disciplinas, como a psicoloxía cognitiva e a didáctica. Esa parte contribuíu a que empezase a medrar e a desenvolverse unha aproximación teórica máis consistente da que había até entón. Nese sentido, importáronse novas metodoloxías e perspectivas de análises, como a que a min sempre me preocupou: que a teoría servise para a xente que está facendo actividades en relación co libro. Preocúpame establecer esta ponte, non me enismesmar na teoría.

E con ese obxectivo naceu Siete llaves.

Siete llaves foi unha proposta da fundación Germán Sánchez Ruipérez, que me pediu un seminario de formación. Propuxen que, máis que dar eu un seminario, fixésemos un proxecto xuntos, invitando a outros especialistas, para crear un instrumento que fose útil para ver, non a partir de estudos literarios previos senón a partir da análise directa dos propios libros infantís, que é o que a literatura lles ofrece aos nenos. Estalles ofrecendo as estruturas, as formas narrativas coas que a nosa cultura constrúe as historias; distintas voces narrativas das que están ao seu redor; poder imaxinarse doutras maneiras coa identificación cos personaxes; unha ampliación da súa experiencia de vida, ao poderen estar en mundos distintos. Estoas introducindo, finalmente, na ágora da tradición para ver o que deu de si a literatura, e como ese corpus fixou a experiencia da humanidade e permite que a nova xeración entre nesa experiencia.

E todo iso dividido en sete ámbitos temáticos, as "sete chaves"...

Si, dividímolos en sete capítulos, e por iso o chamamos *Siete llaves*. Redactei o libro a partir dos borradores que fomos facendo, para axudarlle á xente a entender o que os libros ofrecen aos nenos. Creo que a literatura ás veces se move nunha especie de mística, de "oh a literatural", pero en realidade a xente non sabe moi ben que é o que ofrece. Se realmente o visen, ningún prescindiría da literatura por cousas que lles parecen máis urxentes, como que os nenos escriban sen faltas de ortografía.

Constame que o teu libro foi enormemente útil. Porén, teño a sensación de que aínda non hai unha comunicación suficiente entre a investigación universitaria e a formación do profesorado. Quizais o novo profesorado xa se encontra con que a literatura infantil comeza a ocupar un espazo académico, pero non a maioría do que aínda segue predominando nas aulas.

Desgraciadamente a diferenza non é entre novos e antigos. A formación literaria e sobre literatura infantil que se dá nas escolas de maxisterio, ou para os licenciados que van traballar cos rapaces, é moi insuficiente. O tempo que se dedica a analizar o corpus que lles vai permitir conectar cos nenos, e as formas de facelo, é moi escaso. Non teño a sensación de que os plans de formación docente nos permitan pensar que a partir de agora as xeracións que saían estarán mellor preparadas. En maxisterio, ao xeite que chega non é xente que lese moito. Polo tanto non hai que construír a ollada sobre o corpus como profesional, como investigador, senón que de entrada hai que comezar por dalo a coñecer.

Noutra obra túa, *Andar entre libros*, continúa nesa liña de axudar ao profesorado a conceder unha maior importancia á literatura, de tomar conciencia sobre por que a literatura é importante.

Creo que ese é un dos fallos: que non se sabe o por que da importancia da literatura e por iso se abandona. *Andar entre libros* quere axudar a poñer orde na narrativa literaria na escola, porque se crean moitas

confusións, e daquela ou todo é lectura libre ou todo é lectura obrigatoria, ou todo é lectura que hai que comentar. A lectura na escola ten distintos ámbitos de actuación que requiren tipos de intervención diferentes. A miña intención sempre é axudar a que a xente se dea conta de por que fai o que fai. Se a xente sabe realmente a onde vai, é moito máis creativa, porque dese xeito inventa cousas para chegar aí. Sendo ao contrario, estará repetindo unhas rutinas e prescindirá agora disto, agora daquilo, sen saber moi ben para que.

Este congreso dedicouse ás minorías, dando voz ás linguas minorizadas, mesmo a pobos sen escritura, subliñando a importancia que ten a literatura infantil para axudar a recuperar esas linguas. Cal é a túa opinión ao respecto?

É un bo lema, porque neste mundo tan globalizado a imaxe da sociedade xa non será nunca máis homoxénea senón fragmentada. Hai tantos desprazamentos, a xente ten tantas pertenzas á vez, con familias que falan distintas linguas, que hai que aprender a convivir doutra maneira. Un mundo tan interconectado produce unha sensación de perda e a xente necesita recoñecer raíces. Dese xeito, a relación entre local e universal é máis complexa e necesaria que nunca e ese mosaico de convivencias hai que aprender a vivilo, para que non todo se reduza a retórica verbal. Porque se pode falar de tolerancia e de convivencia, pero no fondo uns mandan e outros non, e hai unhas linguas fortes e outras débiles, vémoslo cada día na práctica. Todo o mundo dí que a diversidade lingüística en España é fantástica, pero despois na práctica o dominante ten como unha concepción paternalista cara ás minorías: pode conceder, toleraas, pero sempre que non o molestes. Cambiar ese discurso, lograr o respecto polos demais, e saber que che vai afectar a ti o respecto que estás outorgando aos demais, iso é importante, e España é un país cun imaxinario moi homoxéneo, moi dominante, que custa moitísimo cambiar, o que non é unha cuestión de discurso, de palabras, senón de accións moi cotiás. Os que vivimos en Cataluña, en Galicia, en Euskadi, con dúas linguas, cunha tradición cultural propia, sabémolo ben.



ANDA ENTRE LIBROS. Teresa Colomer é profesora titular do Departamento de Lengua e Literatura da Universidade Autónoma de Barcelona. A aparición do seu libro *La formación del lector literario. Narrativa infantil y juvenil actual* (Barcanova, 1998, para a edición catalá; Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1998, edición en castelán) supuxo un xiro radical nos estudos sobre literatura infantil en España. A tese central deste libro –que o criterio esencial para a avaliación das obras de literatura infantil e xuvenil había que procuralo na súa capacidade para contribuir á formación dos novos lectores como “lectores literarios”– veu proporcionar unha pauta para superar o dilema entre a condición subsidiaria do libro para nenos respecto dos intereses escolares e o seu carácter especificamente estético-literario. Por outra banda, a tese non aparece formulada como unha simple reflexión teórica senón no marco dunha investigación aplicada sobre unha ampla mostra de obras publicadas en España entre os anos setenta e oitenta. *Siete llaves para valorar las historias infantiles* (Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2002) é unha obra colectiva, resultado dun seminario que, como a autora sinala na entrevista, dirixiu a petición da Fundación editora do libro. As sete chaves son outros tantos instrumentos para a análise avaliativa dos libros infantís: a relación entre texto e imaxe, as historias, a voz narradora, a dimensión estética tanto da linguaxe como da imaxe, os personaxes, as opcións temáticas como experiencias do mundo que as xeracións aduítas van sedimentando e, finalmente, os libros como ágora pública a través da cal as novas xeracións se incorporan á tradición cultural. De novo, ofrecido non como un compendio teórico senón aplicado sobre un número reducido de obras que permiten ao lector comprobar a funcionalidade das propostas instrumentais. *Andar entre libros. La lectura literaria en la escuela*; Fondo de Cultura Económica, 2005), a obra máis recente publicada por Teresa Colomer, continúa proporcionando pautas inestimábeis tanto para o traballo do profesorado na aula como para orientar ao lector (infantil ou non) na procura da excelencia no ámbito da literatura infantil.

Ademais dos seus numerosos artigos en revistas especializadas, e as súas frecuentes intervencións en seminarios e conferencias, dirixe a Rede de Investigadores en Literatura Infantil das Universidades Catalás, que conta co portal Gretel (gretel-uab.pangea.org), e o mestrado a distancia en libros para nenos e mozos que organiza a UAB en colaboración co Banco do Libro de Venezuela e a Fundación Germán Sánchez Ruipérez. // M. V. F.

Dis que se publica moito, quizais demasiado, e que o xogo do mercado fai que haxa unha presión da mediocridade.

A presión existe. Se en España se publican 12.000 títulos infantís e xuvenís ao ano, xa se ve que non podemos publicar 12.000 xenialidades. Pero pasa tamén no mercado adulto. Daquela, tanta publicación dá unha marea de mediocridade notábel, onde o problema é localizar o que pode ser perdurábel, porque esa marea implica que os libros non teñen tempo de se asentar e de difundirse. Hai bos libros aos que arrastra a marea, e é importante que a sociedade vaia asentando unhas obras porque iso configura unha memoria colectiva. Hai libros que teñen unha tradición escolar e non hai por que ter lecturas novas cada tres anos. A escola é a que ten ese poder de decidir que libros van quedar na memoria colectiva da sociedade. E iso require unha paz, un tempo, un repouso, que vai moi á contra desa roda de novidades. A crítica é a que ten que orientar, detectando nesa marea o que

“12 mil títulos de LiX ao ano dan unha marea de mediocridade notábel”

paga a pena, en distintos sentidos, porque os libros non teñen un só eixo de valoración. Pero o poder non o ten a crítica, ten a escola, onde se dá o poder dos clásicos infantís que configura a memoria das persoas.

Cal é a influencia que están a ter as transformacións tecnolóxicas no ámbito da LiX?

Diso sabemos pouco aínda porque cambia a gran velocidade. Os cambios na ficción tamén van moi rápido. Seguramente o acceso á ficción dos nenos que xa nacen xogando

coas pantallas, con esas máquinas que apenas sabemos utilizar os maiores, será distinto, e as fusións de códigos daranse doutra maneira. Pero a literatura, ademais da ficción, ten outro aspecto, que é a palabra, e aí cómpre ir cun chisco máis de coitado. Certas ficcións que están aparecendo, baseadas en transformacións inspiradas polo cambio tecnolóxico, céntranse no argumento, pero non na riqueza artística da palabra. Se cadra estase a potenciar a riqueza artística da imaxe, pero menos a da palabra. E iso é algo que non podemos perder porque somos animais lingüísticos e mesmo para interpretar as imaxes precisamos a palabra.

Porén, tampouco compartes a idea do antagonismo imaxe-palabra, senón que cres nas sinerxías mutuas.

Si, pero non sei se esta educación tan visual, con nenos que se acostumaron a recibir libros ou ficcións en pantallas, non terá efectos negativos cando teñan que ler un relato

só escrito. Este é un interrogante absolutamente novo. Non podemos perder o que nos deu a letra impresa, a capacidade de abstracción, de reflexión e de demora na linguaxe. En definitiva, o que importa non é ler ou ver imaxes. O que importa é o que pasa nas persoas, no noso cerebro, que a humanidade teña niveis de abstracción iguais ou maiores, que as novas tecnoloxías nos dean posibilidades de pensar, de gozar de formas artísticas, de apreciar os nosos sentimentos máis e mellor. A convivencia, entender aos demais e ao mundo, sermos máis felices, iso é o importante. A lectura influíu positivamente nesas cousas. As novas tecnoloxías seguramente tamén o farán, pero aínda non estamos con capacidade para dicir de que forma e, sobre todo en relación coa palabra, en que medida. Haberá un día en que deixaremos de contarlíes aos nosos historias só con palabras porque xa están sempre xogando con imaxes? A min cóstame pensar que se poida chegar a iso.